



En ningún caso podrá ser declarada desierta una licitación cuando exista alguna oferta o proposición que sea admisible de acuerdo con los criterios que recoge este pliego. La adjudicación, que deberá ser motivada, les será notificada a los candidatos o licitadores.

Cláusula decimocuarta.- Derechos y obligaciones del titular de la licencia

En el plazo de sesenta días naturales contados desde la fecha de la concesión de la licencia municipal, su titular vendrá obligado a prestar el servicio de forma inmediata y con el vehículo afecto a éste.

Los derechos y deberes del titular de la licencia son los que nacen de este ruego, que tendrá carácter contractual, y de la licencia otorgada por el ayuntamiento, así como los derivados de la legislación aplicable.

Son deberes específicos del titular de la licencia, entre otros, los siguientes:

- El vehículo destinado a la prestación del servicio deberá llevar de manera visible en el exterior los signos distintivos del Ayuntamiento de Gomeśende y el número de licencia de taxi al que se encuentre afecto, así como una placa con dicho número en el interior del vehículo.

- La prestación del servicio se realizará en la parada ubicada en el lugar que se habilite.

- La prestación del servicio será continuada, de tal manera que el titular de la licencia facilitará y dará publicidade a un número de teléfono, a los efectos de poder ser localizado por los usuarios para la prestación del servicio.

- El régimen de tarifas que tendrán que ser aplicadas por el adjudicatario de la licencia serán las establecidas en la resolución de 10 de diciembre de 2013 de la Dirección General de Movilidad, hasta que el ayuntamiento apruebe su propio régimen de tarifas, en base a la legislación aplicable.

Cláusula decimoquinta.- Recursos administrativos y jurisdiccionales

Los acuerdos correspondientes del órgano de contratación pondrán fin a la vía administrativa y serán inmediatamente ejecutivos. Contra los mismos puede interponerse un recurso potestativo de reposición, de conformidad con la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en el plazo de un mes ante el mismo órgano que lo dictó, o recurso contencioso-administrativo, conforme a lo dispuesto en la ley reguladora de dicha jurisdicción, ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense, en el plazo de dos meses contados a partir de la notificación del acuerdo.

Gomeśende, 9 de febrero de 2017. La alcaldesa.

Fdo.: Pura Rodríguez Álvarez.

R. 473

A Merca

Por Resolución da Alcaldía con data 7 de febreiro de 2017, foi aprobada a convocatoria dunha praza, denominada "operario de limpeza", en réxime laboral, polo sistema de oposición.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

«Bases para a selección de persoal laboral fixo, para cubrir unha praza vacante no persoal laboral do Concello da Merca de limpeza de edificios municipais e instalacións públicas.

Primeira.- Denominación e características da praza convocada e sistema de selección.

É obxecto desta convocatoria o establecemento das bases que desenvolven o proceso selectivo para a provisión dunha praza do persoal municipal de persoal laboral fixo de limpeza de edi-

ficios municipais e instalacións públicas, incluída na oferta de emprego público para 2016, aprobada por Decreto da Alcaldía con data 22 de decembro de 2016, publicada no DOG n.º 9, con data 13 de xaneiro de 2017.

Segunda.- Requisitos que deben de cumprir os aspirantes.

Para seren admitidos á convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos ao último día do prazo de presentación de instancias:

1.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto para o acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

2.- Ter cumpridos 16 anos de idade.

3.- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente ou en condicións de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de instancias.

4.- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas por sentenza firme.

5.- Non atoparse incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

6.- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións, acreditada a dita circunstancia mediante certificado médico, expedido por facultativo colexiado.

7.- Os demais requisitos que sinalen os anexos incorporados a estas bases.

Terceira.- Publicidade da presente convocatoria.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, taboleiro de anuncios do Concello da Merca e na páxina web do Concello da Merca. A convocatoria será publicada no BOE e no DOG, determinando esta publicación a apertura do prazo de presentación de instancias para concorrer no proceso selectivo.

Cuarta.- Solicitudes: forma e prazo de presentación de instancias

As instancias para participar na convocatoria dirixíranse ao Sr. alcalde do Concello da Merca e efectuaranse no modelo anexo II, incluído nas presentes bases, ou na páxina www.amerca.gal, debendo manifestar que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria. Deberanse achegar fotocopias compulsadas dos documentos que acrediten que efectivamente se cumpren os requisitos seguintes: 1. Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade. 2. Fotocopia compulsada do título académico ou do resguardo de aboar os dereitos para a súa expedición. O requisito dos puntos 4, 5 e 6 da base segunda, prestarase na propia solicitude de participación mediante declaración xurada, aínda que para o apartado 6 e unha vez terminadas as probas os aspirantes seleccionados, o Concello da Merca, previamente á sinatura do correspondente contrato, poderá establecer que a/o aspirante seleccionada/ou deberá someterse a un recoñecemento médico polos servizos que se lle designen polo Concello da Merca a fin de comprobar que a/o mesma/ou non padece enfermidade ou defecto físico ningún que lle impida o desempeño das funcións correspondentes á praza para a que foi proposta/o.

Para ser admitido/a será suficiente, ademais da instancia, achegar o aboamento dos dereitos de exame, que se fixan na cantidade de 10,00 €. O aboamento deberá efectuarse na conta que ten aberta esta Corporación, E47-2080-5316-1231-1000-4081. Os dereitos de exame serán devoltos, unicamente, previa petición do/a interesado/a, no caso de ser excluído/a do proceso, por falta dalgún dos requisitos esixidos para participar nel. En ningún caso, a mera presentación da acreditación do



pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación de acordo co disposto na convocatoria.

As instancias coa documentación necesaria deben presentarse no Rexistro Xeral de entrada do concello, ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado e Diario Oficial de Galicia. A convocatoria e as súas bases publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia. Se concorren aspirantes con algunha discapacidade igual ou superior ao 33% e necesiten adaptación de tempos e/ou medios deberán indicalo na solicitude, acompañando certificación ou información adicional expedido pola Administración Pública competente, a fin de que o órgano de selección poida dar cumprimento ao disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, que regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Quinta.- Admisión dos aspirantes.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución pola que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. A resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello da Merca e páxina web do Concello da Merca, con expresión do prazo de subordinación de erros que se concede aos aspirantes excluídos e do prazo concedido para os efectos de formular recusacións e determinando lugar e data da celebración da primeira proba da oposición e orde de execución desta. Nesta resolución indícarase o nome dos compoñentes do tribunal. Esta publicación será determinante para os efectos de posibles impugnacións ou recursos. Serán emendables os erros de feito, sinalados no art. 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como son os datos persoais do/a interesado/a, lugar sinalado para os efectos de notificacións, data, sinatura ou órgano ao que se dirixe. Non será emendable, por afectar o contido esencial da propia solicitude do sistema selectivo, ao prazo de caducidade ou á carencia de actuacións esenciais: - Non facer constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos de capacidade esixidos nas bases. - Presentar a solicitude de forma extemporánea, xa sexa antes ou despois do prazo correspondente. - A falta de pago dos dereitos de exame ou o pago parcial destes. Resultas as reclamacións e emendas, a autoridade convocante elevará a definitivas as listas de admitidos/as e excluídos/as mediante resolución que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e o taboleiro de anuncios do concello. Nesta resolución indícarase a data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio. A publicación da devandita resolución será determinante dos prazos a efectos de posibles impugnacións ou recursos. No caso de que non existiren reclamacións contra a lista publicada, entenderase elevada a definitiva sen a necesidade de nova publicación. Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva poderán os/as interesados/as interpor un recurso contencioso-administrativo, nos termos da vixente Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, previo, se é o caso, o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sexta.-Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador estará constituído polo seu presidente e tres vogais, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo da administración, actuando como secretario, o da Corporación ou funcionario en quen delegue. Os membros do tribunal deberán

posuír unha titulación igual ou superior á requirida para a praza convocada, respectivamente, na mesma área de coñecementos específicos, e deberán pertencer ao mesmo grupo ou grupos superiores. Os tribunais non poderán constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros, sendo necesaria a presenza do presidente e do secretario do tribunal. O tribunal poderá requirir, en calquera momento, ao candidato, para que acredite a súa personalidade. Igualmente o tribunal queda autorizado para resolver as incidencias que se produzan. O presidente do tribunal, ademais de dirixir a acción do tribunal, coordinará a realización das probas. O tribunal cualificador terá a categoría do grupo de clasificación que por equiparación corresponda á praza.

Sétima.- Probas selectivas e forma de cualificación.

As probas selectivas a celebrar e os seus programas recóllense nesta convocatoria nos anexos correspondentes. As cualificacións de cada exercicio faranse públicas o mesmo día en que se acorden e serán expostas no taboleiro de anuncios do concello, publicándose exclusivamente a relación de aspirantes que superen o devandito exercicio. A cualificación final da oposición virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos exercicios. Para superar as probas selectivas será necesario superar a fase de oposición coa puntuación mínima esixida, sendo proposto polo tribunal o aspirante que mellor puntuación obteña. As preguntas en branco non puntuasen.

Oitava.- Exercicios: fase da oposición.

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito nun período máximo de 45 minutos, 20 preguntas tipo test, con respostas alternativas, relacionadas co programa que figura no anexo I das presentes bases. Cada pregunta terá 4 respostas alternativas, das que só 1 será correcta. As preguntas contestadas erroneamente suporán unha penalización de 0,017 puntos por pregunta. Para superar este exercicio será necesario acertar polo menos 10 preguntas, que equivalerán a unha nota aritmética de 5 puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Para realizar este exercicio requírese aprobar o exercicio anterior. Este exercicio consiste na realización dunha proba práctica, de 15 minutos, que versará sobre cuestións relacionadas co temario oficial da oposición nas materias específicas (Anexo I). Valorase a práctica e a habilidade do aspirante conxuntamente cos coñecementos que demostre. Puntuarase cun máximo de 10 puntos. Para superar este exercicio requírese unha nota mínima de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio para todos os aspirantes fóra dos que teñan acreditado o título Celga 4 ou equivalente.

Novena.- Presentación de documentos e formalización de contratos de traballo.

O aspirante proposto para a formalización do contrato de traballo achegará ante a Corporación, no caso de que sexa requirido, dentro do prazo de vinte días naturais desde que se faga pública a relación de aprobados, os documentos acreditativos de reunir as condicións de capacidade e requisitos esixidos nesta convocatoria e que son os establecidos no apartado cuarto destas bases. Cumpridos os requisitos precedentes, o órgano competente efectuará a proposta de contratación do aspirante proposto, quen deberán formalizar o seu contrato de traballo no prazo de dez días contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada a proposta de contratación, que será contratado como persoal laboral fixo.

Décima.- Lexislación aplicable

A realización das probas selectivas suxeitarase, en todo o non expresamente previsto nas presentes bases, ao dereito básico



contido na Lei 30/84, as normas da Lei 7/1985, do 2 de abril; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; o RD 896/1991, do 7 de xuño; o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público e, supletoriamente, polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Bolsa de traballo. Elaboraranse e aprobarán por parte do Concello da Merca bolsa de traballo, a resultas das cualificacións obtidas en cada o proceso selectivo contemplado nas presentes bases. Sen prexuízo das posteriores resolucións de Alcaldía-Presidencia relativas á formación das bolsas de traballo, será requisito necesario pero non suficiente para acceder a estas o realizar o primeiro exercicio do proceso selectivo, e acertar polo menos 11 das 20 preguntas das que se compón este.

Anexo I

Materias do programa

Primeira parte: materias comúns.

Tema 1.- Órganos de goberno municipais. O alcalde. Os tenentes de alcalde e concelleiros.

Tema 2.- O concello Pleno: integración e funcións. A Xunta de Goberno Local. A Comisión Especial de Contas. Órganos complementarios.

Tema 3.- As competencias municipais.

Tema 4.- O municipio: concepto e elementos. Servizos mínimos municipais.

Segunda parte. Materias específicas Tema 1.- Produtos de limpeza. Toxicidade. Utensilios e maquinaria de limpeza. Tema 2.- Limpeza integral en centros de traballo: chans, teitos, paredes, cristais, escaleiras, materiais decorativos, sanitarios. Tema 3.- Elementos mecánicos e auxiliares. Colectores. Papeleiras. Equipo recolector-compactador. Varredoras. Equipo de rega. Equipo de saneamento impulsión absorción. Escobas. Carros porta-cubos. Tema 4.- Medidas preventivas cos produtos de limpeza no seu uso e almacenamento de face ao traballador e ao usuario. Medidas de seguridade máis importantes.

Anexo II

Solicitude de admisión a probas selectivas

1. Praza á que aspira:

2. Convocatoria:

3. Datos persoais:

Apelidos: ... Nome: ... Data nacemento: ... NIF: ... Domicilio: ... Municipio: ... Provincia: ... Código postal: ... Teléfonos: ...

4. Formación (titulación): ...

5. Documentación que se adxunta:

♦ Fotocopia do DNI.

♦ Fotocopia titulación académica.

♦ Xustificante de pago da taxa por dereitos de exame

O abaixo asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e declara que son certos os datos contidos nela e que reúne as condicións sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude. Así mesmo, presta declaración xurada de non ser separada/ou, mediante expediente disciplinario da Administración pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

A Merca, ... de ... de 20...

A Merca, 7 de febreiro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Manuel Jorge Velo Reinoso.»

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, ante o alcalde deste Concello da Merca, de conformidade cos artigos 123 e 124 de Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor un recurso contencioso-administrativo até que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo iso é sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

A Merca, 13 de febreiro de 2017. O alcalde.

Asdo.: Manuel J. Velo Reinoso.

Por Resolución de Alcaldía de fecha 7 de febrero de 2017, fue aprobada la convocatoria de una plaza, denominada "operario de limpieza", en régimen laboral, por el sistema de oposición.

Se aportan las bases reguladoras que regirán la convocatoria: «Bases para la selección de personal laboral fijo, para cubrir una plaza vacante en la plantilla laboral del Ayuntamiento de A Merca de limpieza de edificios municipales e instalaciones públicas.

Primera.- Denominación y características de la plaza convocada y sistema de selección.

Es objeto de la presente convocatoria el establecimiento de las bases que desarrollan el proceso selectivo para la provisión de una plaza de la plantilla municipal de personal laboral fijo de limpieza de edificios municipales e instalaciones públicas, incluida en la Oferta de empleo público para 2016, aprobada por Decreto de la Alcaldía de fecha 22 de diciembre de 2016, publicada en el DOG n.º 9, de fecha 13 de enero de 2017.

Segunda.- Requisitos que deben de cumplir los aspirantes.

Para ser admitidos a la convocatoria, los aspirantes deberán reunir los siguientes requisitos, referidos al último día del plazo de presentación de instancias:

1.- Tener la nacionalidad española, sin perjuicio de lo dispuesto para el acceso al empleo público de nacionales de otros estados.

2.- Tener cumplidos 16 años de edad.

3.- Estar en posesión del certificado de escolaridad o equivalente o en condiciones de obtenerlo a la fecha de terminación del plazo de presentación de instancias.

4.- No haber sido separado mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las Administraciones públicas, ni hallarse inhabilitado para el desempeño de funciones públicas por sentencia firme.

5.- No hallarse incurso en ninguno de los supuestos de incapacidad o incompatibilidad establecidos en la legislación vigente.

6.- No padecer enfermedad o defecto físico o psíquico que impida el desempeño de las correspondientes funciones, acreditada dicha circunstancia mediante certificado médico, expedido por facultativo colegiado.

7.- Los demás requisitos que señalen los anexos incorporados a estas bases.

Tercera.- Publicidad de la presente convocatoria.

Las bases íntegras se publicarán en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, tablón de anuncios del Ayuntamiento de